

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN INFANTIL.
CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VILAVERDE- MOURENTE.
NIVEL: 4º, 5º E 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL.
DATA: 3º TRIMESTRE

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliados e competencias básicas.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.
4. Información e publicidade.

1. Criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis e competencias básicas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN EDUCACIÓN INFANTIL	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 4º ED. INFANTIL	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 5º ED. INFANTIL	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 6º ED. INFANTIL	COMPETENCIAS BÁSICAS
Recoñecer, identificar e representar o propio corpo na súa globalidade e as súas distintas partes.	<ul style="list-style-type: none"> • Debuxa a figura humana: cabeza, tronco, extremidades. 	<ul style="list-style-type: none"> • Debuxa o seu propio corpo e o das persoas do seu entorno. 	<ul style="list-style-type: none"> • Debuxa as partes fundamentais do corpo da figura humana. • Debuxa o corpo con proporcionalidade. 	CCA. CAA. AIP.
Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas, nos xogos e aceptar as normas.	<ul style="list-style-type: none"> • Participa nas actividades propostas, disfrutando coas posibilidades de aprendizaxe que ofrece o xogo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Participa nas actividades propostas, disfrutando coas posibilidades de aprendizaxe que ofrece o xogo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Participa nas actividades propostas, disfrutando coas posibilidades de aprendizaxe que ofrece o xogo. 	CCL. CCA. CAA. AIP. CFM.
Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias e emocións ante determinadas situacións.	<ul style="list-style-type: none"> • Amosa unha actitude positiva nas producións audiovisuais (vídeos, fotos...) 	<ul style="list-style-type: none"> • Amosa unha actitude positiva nas producións audiovisuais (fotos, vídeos,...) 	<ul style="list-style-type: none"> • Manifesta oralmente como se sinte. • Relata as propias vivencias. 	CCL. CAA. AIP. CE.
Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles: agrupar, clasificar e ordenar segundo distintos criterios.	<ul style="list-style-type: none"> • Agrupa, clasifica e ordena obxectos do seu contorno segundo o criterio dado 	<ul style="list-style-type: none"> • Agrupa, clasifica e ordena obxectos do seu contorno segundo o criterio dado. 	<ul style="list-style-type: none"> • Agrupa, clasifica e ordena obxectos do seu contorno segundo o criterio dado 	CAA CCL CM CCIMF AIP
Coñecer e empregar as posibilidades de representación matemática, empregando os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade aproximándose ao seu valor notacional e conceptual	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza actividades empregando a serie numérica: na escritura, xogos, modelado con plastilina, cancións... 	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza actividades empregando os números. 	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega os números para contar. • Resolve problemas sinxelos. 	CM. TICD. CCA. CAA. AIP. CCL CCIMF
Formular hipóteses sobre un tema determinado, empregando a investigación para resolver as dúbidas.	<ul style="list-style-type: none"> • Participa nas pequenas investigacións propostas no propio blog. 	<ul style="list-style-type: none"> • Participa nas pequenas investigacións propostas no propio blog. 	<ul style="list-style-type: none"> • Participa nas pequenas investigacións propostas no propio blog. 	CCL. CM. CCIMF. TICD.

				CAA. AIP.
Explorar e investigar os cambios que se producen no medio natural.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica elementos e cambios coa chegada da primavera no contorno e na vida das persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> Busca información Rexistra ou representa esa información 	<ul style="list-style-type: none"> Busca información Rexistra ou representa esa información 	CCL. CCIMF. CAA. AIP. TICD CSC
Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.	<ul style="list-style-type: none"> Participa nas celebracións que se celebran no centro. 	<ul style="list-style-type: none"> Participa nas actividades relacionadas coas conmemoracións do entorno 	<ul style="list-style-type: none"> Participa nas celebracións que se celebran no centro. Realiza pequenas investigacións 	CCL CAA CSC AIP.
Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva segundo as intencións comunicativas	<ul style="list-style-type: none"> Progresar na adquisición da linguaxe oral de forma fluída para expresar situacións cotiás. 	<ul style="list-style-type: none"> Participa en situacións de comunicación. Comprende mensaxes orais diversas. 	<ul style="list-style-type: none"> Exprésase oralmente con fluidez. Comunica ideas, sentimentos e/ou emocións. 	CCL. CSC. CAA. AIP. CE.
Producir diferentes textos individualmente ou en grupo – con escritura convencional ou non convencional-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo, ...	<ul style="list-style-type: none"> Escribe o seu nome e palabras significativas (contos, bichos,...) 	<ul style="list-style-type: none"> Escribe textos sinxelos 	<ul style="list-style-type: none"> Escribe textos sinxelos. Escribe textos con diferentes propósitos: gozo, comunicación, transmisión de ideas, ... 	CAA CCL TICD CCA AIP
Expresarse e comunicarse empregando medios, materiais e técnicas propias das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais, avanzando no desenvolvemento da creatividade e imaxinación.	<ul style="list-style-type: none"> Emprega a expresión gráfica como medio de expresión e comunicación, a través das producións plástica 	<ul style="list-style-type: none"> Exprésase a través de diferentes linguaxes artísticas 	<ul style="list-style-type: none"> Exprésase plasticamente con diferentes materiais. Utiliza diferentes técnicas da linguaxe artística. 	CCL. TICD. CCA. CAA. AIP. CE. CFM.
Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe	<ul style="list-style-type: none"> Participa nas actividades audiovisuais que se propoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> Comunícase a través das diferentes linguaxes 	<ul style="list-style-type: none"> Comunícase empregando a 	CCL. TICD.

audiovisual, as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> • Comunícase a través das diferentes linguaxes audiovisuais 	audiovisuais.	linguaxe audiovisual.	CAA. AIP.
Gozar da música como vehículo de enriquecemento e estabilidade emocional nestes momentos.	<ul style="list-style-type: none"> • Goza e participa das actividades musicais propostas 	<ul style="list-style-type: none"> • Goza e participa das actividades musicais propostas 	<ul style="list-style-type: none"> • Goza e participa das actividades musicais propostas 	CCEC CD AIP

LINGUA ESTRANXEIRA –INGLÉS 4º, 5º E 6º ED. INFANTIL		
CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
Escoitar e comprender mensaxes orais diversas, amosando unha actitude de escoita atenta e respectuosa, e participar nas cancións, rimas ,chants .	Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua. Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira. Responde verbalmente e/ou non verbalmente ás instrucións.	CCL , CSC , CAA, CFM, AIP
Amosar unha actitude positiva cara a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.	Amosa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira. Asocia palabras con imaxes. Participa nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos.	CCL, CAA, AIP
Comunicarse na lingua estranxeira a través de distintos medios audiovisuais ou artísticos.	Exprésase a través de distintas linguaxes artísticas: debuxos... Exprésase a través de distintas linguaxes audiovisuais: foto, vídeo. Participa nas actividades audiovisuais que se propoñen.	CCL , CCA, CAA TICD, AIP
Empregar os saúdos e despedidas correctamente.	Identifica os saúdos. Recoñece as despedidas. Emprega expresións convencionais de cortesía de saúdo, na lingua estranxeira. Emprega expresións convencionais de cortesía de despedida na lingua estranxeira.	CCL , CSC, CAA AIP

RELIXIÓN CATÓLICA 4º, 5º E 6º ED. INFANTIL		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
Valorar a importancia de coidar da Creación (natureza/persoas/animais).	- Valora a importancia de coidar do que nos rodea.	CCL CMCT AIP CSC CAA
Participar nas diferentes actividades propostas	- Entrega as actividades propostas. - Aмосa no faladoiro /do correo electrónico/videoconferencia que lle gustou a tarefa.	CCL TICD CAA AIP
Representar graficamente o indicado na actividade proposta.	- Representa so/con axuda o que se lle pide na actividade. - Aмосa creatividade nas propostas entregadas.	CCL TICD CAA AIP
OBSERVACIÓNS:		
A especialista participa na coordinación de tarefas integradas propostas polas titorías, partindo dunha perspectiva de Valores, onde poderá participar tanto o alumnado matriculado na materia de Relixión Católica como na de Atención Educativa.		

ENSINANZA RELIXIOSA EVANXÉLICA 4º ED. INFANTIL		
CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
ERE B1.1 Recoñecer de maneira simple o feito de que Deus creou a Natureza.	4º INF. EREB1.1.1- Identifica o creado por Deus e o creado polo home. 4º INF. EREB1.1.2-Enumera cousas creadas por Deus	CCL CMCT AIP CSC CAA

✓ **Competencias Básicas do ANEXO II do Decreto 330/2009 de 4 de xuño.**

Competencia en comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática (CM).

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico (CCIMF).

Tratamento da Información e competencia dixital (TICD).

Competencia social e cidadá (CSC).

Competencia cultural e artística (CCA).

Competencia para aprender a aprender (CAA).

Autonomía e iniciativa persoal (AIP).

A UNESCO identifica oito competencias, detalladas no ANEXO II do Decreto Curricular; asemade, tamén teremos en conta a competencia emocional (CE) e a competencia física e motriz (CFM) propostas por Mª Mar Romera Morón.

2. Avaliación e cualificación.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos de avaliación, recollida de datos e información partindo de:

- Verificación das entregas de propostas indicadas polo profesorado nos blogues.
- Análise das producións solicitadas ao alumnado (escritos, producións orais, representacións, fotos, vídeos, actividades plásticas ...).
- Intercambios escritos a través do correo electrónico ou dos faladoiros instalados nos blogues.
- Intercambios orais a través das conversas realizadas por teléfono ou nas telexuntanzas (só en 5º Ed. Infantil).

Instrumentos de avaliación:

- Alumnado: traballos realizados, en estreita colaboración coas familias, á petición do profesorado.
- Profesorado (ferramentas de avaliación):

DOCUMENTOS DE REXISTRO: listaxes de verificación de entrega, rexistros de seguimento e carpetas dixitais de cada alumna e alumno. Realízase o rexistro de seguimento de cada alumna e alumno tomando nota da súa participación nas accións planificadas polo profesorado. Tamén se rexistran as intervencións levadas a cabo coas familias e o alumnado a través dos distintos medios de comunicación.

INSTRUMENTO DE VALORACIÓN: participación/non participación, interese/non interese.

Valorarase o realizado **na 3ª avaliación** de cara a unha avaliación diagnóstica – avances realizados, atrasos producidos, dificultades detectadas- que permita obter datos cualitativos para a realización das programacións e programas de recuperación a deseñar o curso vindeiro (a finalidade é coñecer, que aprendizaxes se precisarán reforzar, recuperar ou ampliar para o curso 2020/2021) .

- Entrega de actividades ata un 25 % = EN PROGRESO
- Entrega de actividades dun 25% a un 100% = SEN DIFICULTADE

Cualificación final	<p>Os criterios de cualificación da avaliación final ordinaria estarán baseados nos resultados acadados na primeira e na segunda avaliación. Esa cualificación <i>poderá</i> verse mellorada polo resultado do traballo realizado polo alumnado na 3ª avaliación, en ningún caso <i>poderá</i> verse diminuída. En situacións normais a avaliación final é a media das tres avaliacións, mais nestas circunstancias adaptárase e calcularase de acordo coas seguintes porcentaxes:</p> <p style="text-align: center;">50% da 1ª + 45% da 2ª avaliación + 5% da 3ª avaliación</p> <p>(Sempre que non supoña unha diminución da cualificación, senón unha mellora con respecto da media da 1ª e da 2ª avaliación.)</p>
----------------------------	--

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades globalizadas e multidisciplinares respectando a integridade das tres áreas curriculares que definen esta etapa educativa. Por iso imos tentar lograr no alumnado aprendizaxes significativas e polo tanto, funcionais para as súas vidas. - Combinaranse actividades de: investigación, creación, experimentación, audición, movemento e ritmo, manipulación, resolución de problemas, escoita de contos, debuxos, lectura, visionado e elaboración de vídeos, xogos...
Metodoloxía NON PRESENCIAL	<p>Deseñaranse propostas integradas-globalizadoras entre áreas e materias a partir dunha temática de interese (actualidade, conmemoracións...) a través do traballo colaborativo do profesorado.</p> <p>Tamén se realizará unha proposta semanal de colaboración alumnado-familias, a nivel de centro, suxerida dende os equipos de Dinamización Lingüística e Biblioteca para fortalecer vínculos afectivos e emocionais. Serán propostas viables, sinxelas, flexibles e motivadoras que reforen os vínculos co alumnado e as familias, pero sobre todo non crearán desigualdades entre o alumnado.</p> <p>O noso alumnado non é autónomo na súa aprendizaxe e precisa de acompañamento, contacto, estratexias didácticas concretas, autocontrol da concentración, interacción cara a cara, ... As accións deseñadas terán en</p>

<p>(Alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>conta as limitacións de recursos do alumnado e das súas familias. Por este motivo non consideramos a opción de realizar videoconferencias con docencia co alumnado, si a posibilidade de usar este medio para a comunicación e o mantemento de contactos.</p> <p>As tarefas proporaas o profesorado a través dos blogues educativos, do tokapp. O alumnado utilizará o correo electrónico para a devolución e entrega das tarefas que logo subiremos aos nosos blogues .</p> <p>As tarefas propostas, son inclusivas, están pensadas para que tamén as realice o alumnado con NEAE coa orientación se fose preciso do DO, PT e AL.</p> <p>Alumnado con conectividade: as propostas de traballos serán coordinadas polas titoras máis o resto de profesorado especialista e engadidas aos blogues de nivel, semanalmente ou quincenalmente. Ademais, as familias serán avisadas a través do TokApp School das novas entradas dos blogues, e facilitaráselle un correo electrónico de nivel para enviar os traballos dos seus fillos e fillas e manter comunicación coas titoras.</p> <p>Alumnado sen conectividade: Para o alumnado con falta de recursos dixitais tentaranse buscar fórmulas alternativas de acceso ás actividades, así como o teléfono móbil do centro, o WhatsApp co mesmo número ou o teléfono con número privado da titora e empregaranse as mesmas canles para a achega ás titoras. Nalgún dos casos tamén contamos coa colaboración da Fundación Meniños e a Casa Azul a través do programa Proinfancia.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Blog de nivel enlazado ao blog de centro. - TokApp School. - Correo electrónico do nivel. - Número do teléfono do centro e whatsapp. (No caso de precisar falar coas titoras ou especialistas as familias poñeranse en contacto con este número e as titoras serán informadas para devolver a chamada a través do seu teléfono persoal con número oculto. - Recursos web engadidos a ambas columnas dos blogues de cada nivel. - Enlaces aos blogues do centro dende o blog de nivel - Actividades conxuntas de centro. - Faladoiros engadidos aos blogues, para facilitar a comunicación diaria do alumnado e familias.

5. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none">• Remitirase información sobre esta adaptación da programación de Educación Infantil do 3º trimestre ás familias a través de TokApp School dende o centro indicando onde poden consultala.• Esta programación é provisional e poderá modificarse ata que sexa supervisada polo servizo de Inspección Educativa.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.